

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE XUÑO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 17 de xuño de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 14 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, suplente

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5b, 6b, 7b, 9c, 9d, 10d, 10e, 11b e 11d)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 11c)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5a e 6a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación mixta dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2021-2022 e 2022-2023 (7.788-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA, por ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 1 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación mixta dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2021-2022 e 2022-2023 (7.788-106)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 10 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (738-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo comité de expertos formado polo xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas, o xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal e a xefa da Inspección de Tributos o 14 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitorador	Redución do prezo	% redución do prazo de execución das fases previstas na cláusula 9 do PPT	Incremento do prazo de garantía
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U.	232.864,50 €	15%	2 anos

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á sesión D. José María Borrego Arias, con DNI **.68.69*, en representación de TELEFONICA SOLUCIONES.

A Mesa comproba que a baixa ofertada non contén valores anormais tendo en conta o criterio previsto na cláusula 18 do PCAP, polo que ao abeiro do disposto na cláusula 16.3, acorda, por unanimidade, outorgar a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U. a máxima puntuación na proposición avaliable mediante fórmula por ser o único licitador admitido:

	Licitorador	Redución do prezo	% redución do prazo de execución das fases previstas na cláusula 9 do PPT	Incremento do prazo de garantía	Total
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U.	35 puntos	10 puntos	5 puntos	50 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitorador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U.	50 puntos	50 puntos	100 puntos

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (738-441)



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	236.663,66 €
2	G.O.C., S.A.	237.765,00 €
3	NETO STRUCTURE & HEAVY LIFT DESIGN S.L.	288.933,72 €
4	UTE CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	241.312,60 €
5	UTE GALAICONTROL, S.L. - GPO, S.L.U.	262.535,59 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á sesión D. Emilio Otero Martínez, con DNI **.74.32*, en representación de GALAICONTROL, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lote2)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios do 11 de xuño de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con TALLERES SERCOIN, S.L. no lote 2 por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación da capa de rodaxe da rúa Marín" (623-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 10 de xuño de 2021, sobre as ofertas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES FECHI S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa ofert.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lotes 1 e 3)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 11 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" dos lotes 1 e 3 deste procedemento coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade o 10 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que rectifica o anterior de data 16 de xuño de 2021 que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 14 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 14 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación, así como o informe que rectifica o anterior de data 15 de xuño que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 5 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U. (A-78.053.147), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) (lotes 1 e 3)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 3 deste procedemento aberto para a contratación do mantemento preventivo e correctivo das superestructuras dos vehículos de salvamento en altura (6.358-213) na seguinte orde descendente:

- Lote 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 6 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	100 puntos

- Lote 3

	Licitador	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1 e 3, ITURRI, S.A. (A-41.050.113), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que en relación coa solvencia técnica, ademais da solvencia esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP, deberán presentar a documentación esixida no apartado 5C do Anexo I -FEC- ("*Certificado acreditativo que permita comprobar que o propio licitador dispón dun Sistema de Calidade e Medio Ambiente oficialmente recoñecido polo menos para o deseño, fabricación e o servizo de mantemento de vehículos contra incendios. ISO 9001 E 14001 ou equivalente*").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de maio de 2021, polo que non se admite a BANCO SANTANDER, S.A. por ter presentado dúas proposicións para este procedemento (artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e cláusula 13.6 do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TALLERES RODOSA, S.L.	85,00 puntos
2	AUTOS IGLESIAS, S.L	16,33 puntos



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES RODOSA, S.L. (B-36.620.193), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Subride" (709-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	AVAN INTEGRAL S.L.	87,65
2	ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO S.L.	86,12
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	85,29
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	85,07

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL S.L. (B-36.922.144), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada do Freixo – Valadares" (715-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	94,28
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,38
3	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	93,08
4	AVAN INTEGRAL, S.L.	90,95
5	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,32
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	85,22
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	84,79
8	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	61,57

Segundo- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-32.449.100), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)

A Mesa decide deixar este asunto pendente de estudo.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA POMBA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO CINCUENTA E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (153.342,33 €), con sinatura dixital de data 12/05/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de outubro 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO CINCUENTA E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (153.342,33 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 26.613,13 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- *Sesión do 13 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por non cumprir a forma na que debe presentarse a documentación esixida na cláusula 14.1 do PCAP. Segundo indica a plataforma de Contratos do Sector Público o licitador elixiu como forma de presentación a pegada electrónica pero este documento non foi presentado por ningún dos medios previstos na citada cláusula dentro do prazo nela indicado.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 10 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Sesión do 18 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar.

Segundo.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 20 de maio de 2021.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,81
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,21
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,43
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,31
5	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	66,71

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 4 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 15 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 de abril e 21 de maio de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*
 - *Sesión do 13 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por non cumprir a forma na que debe presentarse a documentación esixida na cláusula 14.1 do PCAP. Segundo indica a plataforma de Contratos do Sector Público o licitador elixiu como forma de presentación a pegada electrónica pero este documento non foi presentado por ningún dos medios previstos na citada cláusula dentro do prazo nela indicado.*
 - *Sesión do 18 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar.*
2. *Tomar razón da resolución adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021, de exclusión de ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xustificada.

3. Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441) por un prezo total de 125.434,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.769,54 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO VII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 26 de marzo de 2021.

3º.- Autorizar o gasto de DOUSCENTOS CORENTA E TRES MIL CENTO TRINTA E SEIS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (243.136,26 €) (con IVE) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 13 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4º.- *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 7 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,30 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 8 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 15 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 1 de xuño de 2021 e do acordo da Mesa de Contratación do 7 de xuño polo que se outorga á proposición avaliable mediante fórmula a máxima puntuación por ser o único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307) por un prezo total de 206.228,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 35.791,67 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) (lote 3)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 15 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) (lote 3)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "MELLORA DE FIRMES EN VIAIS DO RURAL. FASE II. LOTE 1 NORTE. LOTE 2 ESTE. LOTE 3 SUR", redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.000.000,00 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 05/03/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 173.553,72 €, e sendo o reparto por lotes o seguinte:

- *Lote 1 Vigo Norte: CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL CORENTA EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (424.040,25 €), cun IVE de 73.593,76 €.*
- *Lote 2 Vigo Este: TRESCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CENTO NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (392.190,57 €), cun IVE de 68.066,13 €.*
- *Lote 3 Vigo Sur: CENTO OITENTA E TRES MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (183.769,18 €), cun IVE de 31.893,82 €.*

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.2100004 (PLAN RENV. FIRMES PARROQUIAS, DEPUTACIÓN), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	1,000,000.00 €
TOTAL	1,000,000.00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".



Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) na seguinte orde descendente:

- *Lote 1 Vigo Norte:*

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,55
2	NAROM, S.L.	92,37
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	89,17
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	89,07

- *Lote 2 Vigo Leste*

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	94,21
2	NAROM, S.L.	93,27
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	92,43
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	91,06

Segundo.- *Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) (lotes 1 e 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 10 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote 1 é de 327.613,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.858,54 euros.*
- b) O prezo total do lote 2 é de 303.712,37 euros, sendo a cota correspondente ao*



IVE de 52.710,41 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Cuarto.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a NAROM, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que presentara xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	96,55
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	93,11
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	91,78

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) xa consta presentada para os lotes 1 e 2.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o día 11 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 15 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 18 de maio e 7 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en vias do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) por un prezo total de 146.464,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.419,38 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:06	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4E-CCD1CC-E4EB38-DRV4WP-56QUGJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		